



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

Expediente: 2023000035396

Referencia: FOPPSS/2024

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOCAR A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2024 (FOPPSS/2024) E APROBAR A MOIDIFICACIÓN DAS DITAS BASES

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

I.- ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Gobierno do 6 de outubro de 2023 aprobáronse as Bases reguladoras do “Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais durante o ano 2024” (FOPPSS/2024), cuxo texto foi publicado no BOP número 194, do 10 de outubro de 2023.

A convocatoria foi publicada no BOP número 199 do 18 de outubro de 2023 e o prazo de presentación de solicitudes finalizou o día 21 de novembro de 2023 ás 14:00 horas.

Mediante resolución de presidencia número 4622 de 7 de febreiro de 2024, publicada no BOP número 30 de 9 de febreiro de 2024, aprobouse definitivamente as achegas do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no 2024 por un importe total de 8.317.184,56 € con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0611/23121/46201 do vixente orzamento.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

O órgano competente para a aprobación da modificación das bases reguladoras do “Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais durante o ano 2024” (FOPPSS/2024) é a Xunta de Goberno, por delegación do Presidente da Deputación aprobada por resolución número 29325, do 24 de xullo de 2023.

O texto da modificación das bases ten o contido definido nos artigos 17 e 23.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e nas bases xerais reguladoras dos programas de subvencións para 2024, publicadas no BOP número 178, do 18 de setembro de 2023.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

A tramitación das solicitudes: condicións, documentación, valoración, resolución, xustificación e pagamento, incumprimentos e sancións, axústase ao establecido na citada Lei 38/2003, no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

No texto da convocatoria quedan garantidos os principios de publicidade, concorrência e obxectividade, esixidos para o outorgamento de subvencións non nominativas no artigo 8 da lei 38/2003 citada.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar a modificación das Bases reguladoras, en réxime de concorrência competitiva, do *Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais durante o ano 2024 (FOPPSS/2024)*,

Vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que con carácter xeral foi delegada na Xunta de Goberno por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, para a aprobación da modificación das Bases reguladoras do *Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais durante o ano 2024 (FOPPSS/2024)*.

Segundo. Aprobar a modificación das Bases reguladoras do *Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios municipais durante o ano 2024 (FOPPSS/2024)* cuxo texto foi publicado no BOP número 194, do 10 de outubro de 2023, no senso seguinte:

Onde pon:

“Base 3.3.2.- Módulo IV: Persoal auxiliar do SAF libre concorrência

(...)

Para a cuantificación da contía máxima deste módulo IV establécese unha achega de 12,00 € por hora prestada de servizo, tendo en conta para o cálculo as horas previstas para o ano 2024.”



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais


Debe poñer:

“Base 3.3.2.- Módulo IV: Persoal auxiliar do SAF libre concorrencia

(....)

Para a cuantificación da contía máxima deste módulo IV establécese unha achega de 14,00 € por hora prestada de servizo, tendo en conta para o cálculo as horas previstas para o ano 2024.”

Polo tanto, o texto definitivo das bases reguladoras é o seguinte:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

BASES DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2024 (FOPPSS/2024)

Datos da convocatoria

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección:	Sección de Servizos Sociais
Anualidade	2024
Denominación:	Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2024
Beneficiarios	Os concellos e entidades locais da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes
Programa:	FOPPSS/2024
Aplicación orzamentaria:	0611/23121/46201
Importe da convocatoria	8.561.165,04 €, máis as modificacións que se poidan producir
Importe do orzamento de gastos:	Non se establecen
Importe da subvención que se ha conceder:	Non se establece
Importe solicitado:	O 100 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento:	1,0000
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional primeira destas Bases.

Base 1. Liñas xerais

O Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2024 convócase ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e do Decreto 148/2014 polo que se modifica; no seu art. 31, especifica as competencias propias das Deputacións:

O citado decreto establece no artigo 31:

“1. As deputacións provinciais, de conformidade co previsto no artigo 109.1.b), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais.

2. De conformidade co artigo 63 da Lei de servizos sociais de Galicia, as deputacións provinciais proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes.

3. As deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do SAF-básico aos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do/da profesional de referencia que se regula no artigo 37.”

O Capítulo VI. Dotacións de persoal dos servizos sociais comunitarios, no artigo 33. Criterios xerais establece:

“3. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, as administracións públicas titulares dos servizos sociais comunitarios, promoverán a calidade no emprego e a estabilidade laboral das persoas profesionais ao seu servizo evitando situacións de precariedade laboral, como medio de lograr a calidade e permanencia da oferta pública de servizos sociais. Así mesmo , fomentarán a mellora das condicións laborais e a implantación de medidas a prol da efectividade do principio de igualdade, en particular daquelas tendentes á conciliación da vida familiar e laboral.”

En base ao citado decreto, e co obxecto de cumprir as súas competencias, a Deputación Provincial da Coruña, garante a renovación do financiamento básico para o funcionamento dos servizos sociais comunitarios a cada unha das corporacións locais de menos de 20.000 habitantes da provincia de A Coruña, tomando como referencia para cada anualidade os servizos sociais comunitarios financiados no exercicio inmediatamente anterior, a través das Bases reguladoras anuais do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais.

Os importes recollidos na base 13 para este persoal auxiliar SAF libre concorrência corresponden cos datos da concesión no ano 2023 cunha achega provincial de 12 €/hora. A concesión realizarase en base ás horas previstas para o ano 2024 ata esgotar o crédito dispoñible asegurando o importe recollido na base 13.

Coa finalidade de mellorar a eficacia na execución do programa, nesta convocatoria elimínanse na base 13 os módulos asignados e non solicitados no ano anteriore.

Este ano todos os concellos poderán solicitar motivadamente a cobertura de máis módulos de tipoloxía I, II e III dos que figuran na base 13, segundo se recolle na base 3.3.1. A súa concesión dependerá da dispoñibilidade orzamentaria .

En sucesivos exercicios, dentro da limitación orzamentaria, respectarase a contía recibida no exercicio anterior para o financiamento destes módulos.

Polo que se refire ao tipo de tramitación, o programa tramitarase de xeito telemático a través da plataforma electrónica de tramitación de subvencións SUBTEL, á que se pode acceder a través da Sede Electrónica da Deputación da Coruña. A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

Base 2. Réxime xurídico

2.1.- Réxime xurídico xeral

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña do 30 de xullo de 2021, BOP 150, do 10 de agosto de 2021.

Regulamento orgánico e Bases de execución do Orzamento de 2024 da Deputación da Coruña.

Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro de 2015, BOP 56, do 23 de marzo de 2016.

Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017, BOP 186 do 29 de setembro de 2017.

2.2.- Réxime xurídico específico da convocatoria

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.


Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Base 3. Obxecto

3.1.- Servizos, programas e actividades subvencionables

O programa FOPPSS ten por obxecto a asistencia económica ás entidades locais na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios dando preferencia aos servizos mínimos que son os servizos sociais comunitarios básicos establecidos na Lei 13/2008 do 3 de decembro.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

A Deputación Provincial subvencionará os profesionais dos servizos sociais comunitarios distintos do perfil profesional do/a traballador/a social, que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, conforme aos módulos recollidos nos que se encadra o persoal correspondente: persoal administrativo grupo C1 ou C2, persoal técnico A2, persoal técnico A1 e persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrência (SAF libre concorrência).

3.2.- Ámbito temporal

As actividades que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán as que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

3.3.- Gastos subvencionables neste programa: Módulos de financiamento

Para a cuantificación das achegas establécense módulos referidos ao cofinanciamento dos salarios e seguridade social de persoal adscrito a Servizos Sociais e ao financiamento do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrência.

Os **gastos subvencionables** corresponden coas seguintes contas recollidas no Plan Xeral de Contabilidade:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
623	Servizos de profesionais independentes (contratacións externas SAF libre concorrência)
629	Comunicacións e outros servizos (contratacións externas SAF libre concorrência)

Base 3.3.1.- Módulos I, II, III

Os gastos financiados dentro destes módulos corresponden aos conceptos de salarios e seguridade social nas seguintes contías para unha xornada completa:

- Módulo I. Persoal administrativo grupo C1 ou C2: 18.000 €
- Módulo II. Persoal técnico A2: 22.000 €
- Módulo III. Persoal técnico A1: 26.000 €

Poderase solicitar o módulo a xornada completa ou a media xornada; neste último caso reducirase proporcionalmente o importe do módulo.

No caso en que o persoal realice tarefas noutros departamentos, deberá solicitarse o módulo cunha contía proporcional á dedicación da súa xornada aos Servizos Sociais.

Non obstante, para poder ser concedido o módulo, a dedicación aos Servizos Sociais do/a profesional deberá supoñer un equivalente en tempo ao 50% dunha xornada completa como mínimo.

Todo o persoal para o que se solicite a achega deberá estar adscrito aos Servizos Sociais e estará vinculado aos servizos e/ou programas sociais comunitarios.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

Os concellos poderán solicitar motivadamente a ampliación de financiamento dos módulos recollidos na base 13 para a cobertura do módulo de persoal administrativo (módulo I) ou dos módulos de persoal técnico (módulos II ou III). Neste último caso, deben terse en conta as exclusións indicadas na base 4.

Non obstante a concesión de ampliación farase logo de estudar a adecuación da petición, priorizando a concesión de módulos aos concellos que carezan de módulo de tipoloxía administrativa e/ou de tipoloxía técnica e soliciten a cobertura destes perfís.

As peticións de ampliación só poderán atenderse cando se acompañen dun compromiso de iniciar o procedemento de cobertura do dito persoal e se dispoña de crédito suficiente, logo da cobertura dos módulos que xa figuren na base 13.

Nas mesmas condicións, tamén poderán solicitar ampliación a xornada completa aqueles concellos que teñen recollida na base 13 un módulo a media xornada.

As desistencias totais ou parciais (no caso de solicitar media xornada) nos importes dos módulos I, II ou III establecidos na base 13, constatadas nas solicitudes presentadas poderanse ter en conta en convocatorias de anos posteriores.

A intervención profesional nas familias, no marco do servizo de educación e apoio familiar só poderá ser realizada por persoal técnico ao servizo da Administración pública local titular do servizo, de maneira que forme parte do equipo interdisciplinar dos servizos sociais comunitarios, tal e como se establece no art. 21 do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Base 3.3.2.- Módulo IV: Persoal auxiliar do SAF libre concorrencia

Considérase SAF libre concorrencia aquel que se presta a persoas que non teñan recoñecida a situación de dependencia ou que, aínda tendo recoñecida a situación de dependencia, non teñen recoñecido o dereito de acceso efectivo ao servizo e accedan en réxime de libre concorrencia.


O SAF libre concorrencia tamén, con carácter subsidiario do servizo de educación e apoio familiar, pode dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en situación de risco de exclusión social.

Os gastos financiados serán os correspondentes cos conceptos de salario, seguridade social e desprazamentos do persoal auxiliar do SAF libre concorrencia.

Este servizo pode prestarse por xestión directa ou indirecta, mediante contrato ou encomenda da xestión.

Para a cuantificación da contía máxima deste módulo IV establécese unha achega de 14,00 € por hora prestada de servizo, tendo en conta para o cálculo as horas previstas para o ano 2024.

No caso de que o crédito dispoñible fora insuficiente, garántese en primeiro lugar a cobertura das horas que figuran na base 13. O resto de crédito repartirase de xeito proporcional ata alcanzar o



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

importe máximo do crédito consignado para o Programa logo de estudar todas as solicitudes presentadas.

En sucesivos exercicios, dentro da limitación orzamentaria, nas bases do programa teranse en conta as horas concedidas no exercicio anterior sempre que se manteña a súa prestación durante o dito exercicio.

Base 4. Compatibilidades e exclusións

A percepción destas axudas é compatible con calquera outra subvención da Deputación da Coruña salvo que financie os mesmos conceptos de gasto.

Non se poderá solicitar financiamento neste programa para os postos de traballador/a social ou persoal técnico/axentes de igualdade. Neste último caso, as solicitudes deben presentarse na convocatoria do *Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico ou axentes de igualdade* (FOAI/2024).

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún módulo o importe total do gasto previsto.


No caso dos módulos I, II e III, cando o importe da achega provincial xunto coa suma doutros ingresos previstos para o financiamento dun módulo supere o importe do gasto previsto para o mesmo módulo, minorarase a achega provincial no importe necesario para corrixir o exceso de financiamento na concesión.

No caso do módulo IV as correccións por exceso de financiamento faranse unicamente no momento da xustificación.

Base 5. Entidades solicitantes

De acordo co disposto no artigo 31.3 do citado Decreto 99/2012 do 16 marzo, este programa vai dirixido ao financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, polo que as entidades destinatarias das achegas son os concellos e entidades locais con menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña, comprendendo os supostos nos que os servizos sexan prestados por xestión directa ou, se é o caso, por xestión indirecta mediante contrato ou encomenda da xestión.

As mancomunidades intermunicipais, agrupacións ou fusións que constitúen entidades instrumentais dos concellos e que exercen as competencias delegadas por aqueles poderán ser destinatarias sempre que a poboación do conxunto de concellos non supere os 20.000 habitantes. Nestes casos a contía da achega provincial á entidade será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

Base 6. Requisitos e obrigas das entidades solicitantes

6.1.- Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A entidade local deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán a ese enderezo.

Excepcionalmente poderase modificar o enderezo oficial, de forma xustificada, coa obriga de notificar a dita circunstancia á Deputación.

A documentación que se achegue ao expediente deberá vir asinada dixitalmente do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da alcaldía/presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola alcaldía/presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso da certificación de gastos e pagamentos relación de gastos clasificada, polo órgano responsable da contabilidade..

6.2.- Estaren ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social tanto na concesión coma no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

6.3.- Teren aprobada a última conta xeral que legalmente sexa exixible e presentada perante os órganos de control externo.

6.4.- Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais, páxina web ou audiovisual) que fagan das actividades subvencionadas.

6.5.- Someterse, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

6.6.- Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

6.7.- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil).

Ademais das obrigas de carácter xeral indicadas, as entidades solicitantes neste programa terán



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

as seguintes:

6.8.- A entidade local comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

6.9.- En canto ao módulo do persoal auxiliar de axuda no fogar, a entidade solicitante comprométese a que nas novas contratacións terase en conta o disposto no art. 201 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en especial, a que os órganos de contratación tomarán as medidas pertinentes para garantir a aplicación do convenio colectivo vixente do persoal auxiliar de axuda no fogar.

6.10.- No caso de entidades que soliciten a ampliación de módulo, compromiso de realizar a cobertura da praza do persoal para o que se solicita ampliación de financiamento e calendario previsto para o dito procedemento (cando este persoal non estea xa prestando servizos) ou, no seu caso, compromiso de ampliar a xornada do dito persoal.

6.11.- As entidades locais adheridas a este programa estarán obrigadas a facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos Servizos Sociais municipais que se lles demande nun prazo de 10 días. A negativa a facilitar esta información ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local deste programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou ao inicio do oportuno expediente de reintegro, segundo proceda, das achegas percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Base 7. Solicitud

7.1.- Prazo e presentación de solicitudes


A adhesión das entidades locais constitúe un requisito de efectividade do programa, polo que aquelas que non presenten a solicitude no prazo sinalado entenderase que renuncian a participar no programa.

As solicitudes presentaranse a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL) e producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.2.- Documentación

As entidades locais interesadas en participar neste programa deberán manifestar expresamente a asunción das obrigas e compromisos establecidos na base 6ª e na Ordenanza xeral de



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

subvencións e transferencias mediante a sinatura dixital do seu representante legal na solicitude e achegar a seguinte documentación segundo os modelos fornecidos na plataforma de subvencións:

7.2.1.- Documento acreditativo da delegación da alcaldía/presidencia no que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática da solicitude de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo, se é o caso, as certificacións).

7.2.2.- Certificación do acordo de adhesión do órgano competente da entidade local no modelo fornecido na plataforma de subvencións.

7.2.3.- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

7.2.4.- Certificación da aprobación da última conta xeral que legalmente sexa esixible e da súa presentación perante os órganos de control externo.

Ademais da documentación de carácter xeral indicada, as entidades locais solicitantes de subvención neste programa terán que achegar a seguinte:

7.2.5.- Proxecto descritivo xeral da actividade que se ha cubrir segundo o modelo fornecido na plataforma de subvencións.

7.2.6.- Cadro de orzamento e financiamento previstos para o persoal dos módulos I, II e III obxecto do programa e horas previstas para o ano 2024. No modelo fornecido na plataforma de subvencións.


O orzamento previsto para o persoal dos módulos I, II e III só poderá contemplar gastos de retribucións brutas e seguros sociais con cargo á entidade local.

7.2.7.- No seu caso, documento de ampliación de módulos no modelo fornecido na plataforma SUBTEL.

7.2.8.- No caso, en que a entidade desista na solicitude total ou parcialmente dun dos módulos I, II ou III que tiña asignados na Base 13, deberán achegar un documento aclaratorio que indique os motivos da desistencia e se estes motivos teñen carácter temporal ou definitivo, o que se poderá ter en conta para a elaboración das vindeiras convocatorias. Se non se presenta este documento, entenderase que o concello non precisa deste financiamento e suporá a eliminación total ou parcial do módulo ou módulos afectados en convocatorias posteriores. No modelo fornecido na plataforma de subvencións.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Base 8. Resolución do procedemento

A concesión da subvención non está suxeita ao requisito de establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos para a concesión da subvención, de acordo co exposto no artigo 19, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia xa que, debido ao obxecto e finalidade de subvención, non é necesario realizar a comparación entre as solicitudes presentadas para a concesión ata o consumo do crédito orzamentario.

A tramitación realizarase conforme ao procedemento abreviado especificamente detallado no Artigo 22 da Lei antes citada polo que non intervirá en ningún caso o órgano avaliador ao que se refire o Artigo 12 da Ordenanza.


A unidade que tramita o expediente, á vista da documentación que consta neste, formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Presidencia ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles as entidades solicitantes concedéndolles un prazo de dez días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude ou as alegacións que estimen oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

As alegacións que, de ser o caso, presenten as persoas interesadas, deberán ser estudadas polo órgano instrutor e, unha vez emitido o correspondente informe-proposta, remitiranse ao órgano interventor para a súa fiscalización. Con base nese informe-proposta, a Presidencia ditará a resolución definitiva de concesión. No caso de que non se presentaran alegacións no prazo establecido para o efecto, a resolución ata entón provisional terá o carácter de definitiva.

Conforme co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificaranse ás entidades interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses.

A notificación da resolución da aprobación do programa coa concesión das achegas correspondentes ás entidades solicitantes de conformidade co establecido no artigo 45 da citada Lei 39/2015, farase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia. Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

administrativas.

Base 9. Xustificación e pagamento

9.1.- Prazo de xustificación

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o **28 de febreiro de 2025**, ás 14:00 horas.

Se non se achega a xustificación dentro de prazo, requirirase a entidade beneficiaria para a súa presentación no prazo improrrogable de 15 días. A falta de xustificación neste prazo excepcional levará aparellada a perda da achega provincial e, no seu caso, o reintegro das cantidades anticipadas. A presentación da xustificación fóra de prazo, ou no prazo excepcional, non eximirá a entidade beneficiaria das sancións que correspondan.

9.2.- Consideracións xerais

As subvencións aboaranse do seguinte xeito:

a. O 50% da subvención en concepto de anticipo prepagable, logo da notificación da concesión e previa comprobación de que a entidade beneficiaria non ten pendente de xustificar ningún anticipo do plan para o financiamento dos servizos comunitarios de anos anteriores e que cumpre coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social, e coa Deputación Provincial da Coruña

Esta porcentaxe anticipada será do 30% para aquelas entidades que no último exercicio xustificado do programa non alcanzaran o 70 % da achega concedida.

b. A porcentaxe restante, logo da xustificación da completa execución do programa, tendo en conta o seguinte:

- Os pagamentos xustificados deberán acadar en cada módulo o importe da achega da Deputación Provincial da Coruña.
- Cando o importe dos pagamentos xustificados non alcance o importe determinado na resolución de concesión para o módulo, e sempre que se respectara a xornada do persoal (nos módulos I,II,III) ou as horas establecidas na dita resolución (módulo IV), a achega provincial reducirase ata o importe dos pagos xustificados.
- No caso en que se reduza durante o ano 2024 a xornada do persoal (módulos I,II,III) ou as horas prestadas (modulo IV) respecto das establecidas na resolución de concesión, reducirase proporcionalmente a achega do módulo afectado.
- Cando a achega da Deputación, xunto cos outros ingresos que obteña a entidade beneficiaria supere nalgún dos módulos o importe total dos gastos efectivamente xustificados, minorarase a achega provincial no importe necesario para evitar o exceso de financiamento, o que poderá dar lugar a un expediente de reintegro.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais

9.3.- Documentación xustificativa

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

9.3.1.- Memoria técnica xustificativa, asinada pola alcaldía/presidencia ou persoa na que delegue e o técnico dos servizos sociais (Segundo modelo fornecido pola Deputación).

9.3.2.- Certificación de ingresos e pagamentos (segundo modelo fornecido pola Deputación) na que conste a seguinte información:

- O persoal que conste adscrito aos servizos sociais comunitarios da entidade local obxecto deste programa especificando a súa categoría profesional, tipo de xornada, porcentaxe de dedicación aos servizos sociais cando sexa distinta do 100%, o seu nome, apelidos e NIF, salvo no caso da subcontratación dos servizos do módulo IV no que se fará constar a denominación e NIF da persoa física ou xurídica que lle factura o servizo e o número de auxiliares.
- No caso do módulo IV, horas de servizo prestadas indicando as horas prestadas polo persoal propio e as prestadas polo persoal subcontratado, se é o caso.
- Os pagamentos globais efectuados durante o ano 2024 ao persoal dos módulos I, II e III polas retribucións brutas e seguros sociais con cargo á entidade local
- Os pagamentos efectuados durante o ano 2024 polas retribucións brutas, seguros sociais con cargo á entidade local e gastos de desprazamento do **persoal auxiliar do SAF libre concorrência** e/ou no caso de que o servizo sexa xestionado indirectamente, total pagado ao contratista que presta estes servizos polos mesmos conceptos.
- O importe de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para cada un dos módulos das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, así como dos ingresos das persoas usuarias.
- No seu caso, a economía que se produza por módulo.


